

Praza número: 24/7006

Número de prazas: 2

Categoría: Profesor/a Substituto/a

Dedicación: Parcial P06

Área de coñecemento: Organización de Empresas

Departamento: Empresa

Docencia: 730G03010 Xestión Empresarial

710G05029 Xestión de Proxectos de Cooperación II

710G03017 Xestión da Cadea de Subministración de Moda II: Xestión de Operacións

Centro: Escola Politécnica de Enxeñaría de Ferrol

Unha vez que se viu a proposta formulada pola Comisión encargada de xulgar o concurso para a provisión das dúas prazas enriba indicadas. E trala ratificación da proposta pola Comisión de Reclamacións na súa reunión do 20 de febreiro de 2025.

Esta Reitoría, no uso das facultades que lle confire o art. 36 dos Estatutos da Universidade da Coruña, que se aprobaron por Decreto 101/2004, do 13 de maio (DOG do 26), e en aplicación do disposto no apartado 10 da normativa pola que se regula o procedemento para a selección de persoal docente e investigador interino e laboral contratado, que se aproba por acordo do Consello de Goberno do 30 de abril de 2014, **resolve deixar deserta unha das dúas prazas convocadas.**

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñer demanda ante o Xulgado do Social que resulte competente conforme ao establecido nos artigos 6, 10 e 69 da Lei 36/2011, do 10 de outubro, reguladora da xurisdición social. Previamente, e con carácter potestativo, poderase interpoñer un recurso de reposición ante esta Reitoría, no prazo dun mes, de acordo co establecido no artigo 123 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE de 2 de outubro de 2015).

A vicerreitora de Profesorado por delegación do reitor (RR 10/07/2024)

María Teresa López Fernández



Teresa López Fernández, vicerreitora de Profesorado e presidenta da Comisión de Reclamacións de prazas de PDI interino e laboral contratado da Universidade da Coruña,

FAGO CONSTAR:

Que a Comisión de Reclamacións de prazas de PDI interino e laboral contratado convocada a unha reunión virtual o 20 de febreiro de 2025, tomou o seguinte acordo en relación á decisión da Comisión de selección de deixar unha praza deserta na convocatoria que se relaciona a continuación,

Código: 24/7006

Categoría: Profesor/a Substituto/a

Área de Coñecemento: Organización de Empresas

Departamento: Empresa

Docencia: 730G03010 Xestión Empresarial

710G05029 Xestión de Proxectos de Cooperación II

710G03017 Xestión da Cadea de Subministración de Moda II: Xestión de Operacións

Centro: Escola Politécnica de Enxeñaría de Ferrol

Tras analizar a documentación da convocatoria 24/7006 e o informe da Comisión de selección, a Comisión de Reclamacións

ACORDA

ratificar a proposta da Comisión de selección de deixar unha das prazas da convocatoria 24/7006 deserta.

A vicerreitora de Profesorado

Teresa López Fernández